

Composición de texto 6. A PRIMEIRA REPÚBLICA (febreiro,1873– xaneiro,1874). Proxecto de constitución federal e cantonalismo.

Tras a renuncia de Amadeo de Savoia, a Asemblea Nacional, composta polo Senado e o Congreso, votou a reforma da Constitución para poder declarar como forma de goberno da nación a República, que foi proclamada o 11 de febreiro de 1873 por 258 votos a favor e 32 en contra. Pero esta votación foi conxuntural xa que a maioría dos deputados eran monárquicos (aprobárase unha república sen republicanos). A nova República española sufriu o illamento internacional e só foi recoñecida por EE.UU., Suíza, Costa Rica e Guatemala. Ademais os republicanos estaban divididos. Por un lado estaban os que desexaban unha República unitaria e de carácter conservador e burgués, liderados por Castelar. Por outro, os federalistas, apoiados por pequenos burgueses, intelectuais, clases populares..., que presentaban dúas correntes: os federais moderados, benévolos ou gradualistas, dirixidos por Pi i Margall, defendían a configuración da federación desde arriba, é dicir, que unha Cortes constituíntes decidisen e organizasen o reparto de poderes entre o Estado federal e os Estados que formasen a federación; e os federais intransixentes ou cantonalistas defendían que a federación debía facerse desde abaixo, mediante a proclamación da independencia dos cantóns que posteriormente, e por acordos libres entre iguais, constituirían a federación española.

A República foi recibida con entusiasmo polas clases populares, que creron que chegara o momento do cambio social. No campo (sobre todo andaluz) producíronse movementos insurreccionais a prol do reparto de terras entre os campesiños. Nas cidades (sobre todo catalás) as mobilizacións obreiras esixían a redución da xornada, o aumento de salarios... Os federais constituíron Xuntas revolucionarias para desprazar da administración municipal ós cargos monárquicos.

Pero os dirixentes republicanos eran partidarios de respectar a legalidade: disolveron as Xuntas, reprimiron as revoltas populares e convocaron eleccións a Cortes constituíntes. As eleccións (por sufraxio universal masculino de maiores de 21 anos), celebradas en maio, gañaron por inmensa maioría os republicanos federais, pero a participación foi só dun 40% do electorado.

Nas Cortes do 7 de xuño de 1873 proclamouse a República Democrática Federal e a presidencia do Consello executivo quedou en Estanislao Figueras (xa presidente do goberno desde febreiro). **Figueras** tomou as primeiras medidas reformistas: suprimiu os impostos de consumos e as quintas, aboliu a escravitude en Puerto Rico... Pero a debilidade do goberno, a división dos republicanos, a falta de recursos, a desorganización do exército, o rexurdimento do conflito carlista, a proclamación do Estado catalán... provocaron a súa dimisión o 11 de xuño.

Francesc Pi i Margall foi designado presidente co cometido de elaborar unha Constitución federal para España. O proxecto de **Constitución Republicana Federal** establecía:

- Unha República federal composta por 17 Estados federados, incluídos Cuba e Puerto Rico. Os Estados federados terían autonomía económica, administrativa e política “compatible coa existencia da Nación” e elaborarían as súas propias constitucións, tamén compatibles coa do Estado federal.
- A xefatura do Estado recaería no presidente da República, elixido por sufraxio universal masculino. Posuía o poder de relación entre os distintos poderes e nomeaba ó presidente do Goberno e ós ministros.
- O poder lexislativo correspondía á Asemblea Nacional Republicana, composta por dúas cámaras: o Senado, representativo dos Estados federados, e o Congreso, elixido por sufraxio universal masculino directo dos maiores de 21 anos.
- O poder executivo residía no presidente do Goberno e nos ministros.
- O poder xudicial correspondía ós xurados e xuíces.
- Autonomía municipal.
- Separación de Igrexa-Estado. Liberdade de cultos.
- Recoñecemento de amplos dereitos e liberdades (na liña democrática da Constitución de 1869)

Ó mesmo tempo que se elaboraba o proxecto constitucional, España vivía momentos convulsos :

- A insurrección carlista, avivada coa proclamación da República, estendíase polo País Vasco, Cataluña, Maestrazgo...onde ía organizando un embrión de Estado.
- A continuidade da guerra en Cuba.
- As conspiracións dos monárquicos afonsinos.
- E sobre todo, o **movemento cantonalista**. O cantonalismo é un fenómeno complexo no que se mesturan aspiracións autonomistas, propiciadas polos federalistas intransixentes, e os desexos de revolución social, alentadas polas ideas internacionalistas. A Federación Rexional Española da AIT (Asociación Internacional de Traballadores) incitou á mobilización de obreiros e campesiños. As folgas, as protestas esixindo melloras sociais, as ocupacións de terras... propagábanse. En Alcoi, cidade cunha importante industria manufactureira, unha folga organizada polos anarquistas derivou en actos de violencia (queima de fábricas, asasinato do alcalde...) que causaron terror. Houbo que recorrer ó exército para sufocala. Cartegena e outras áreas sobre todo do sur e do leste (Sevilla, Cádiz, Granada, Valencia...) proclamáronse, incitados polos federalistas intransixentes, cantóns independentes, que Pi i Margall non quixo reprimir co uso das armas.

As revoltas cantonalistas, a falta de acordo entre os republicanos para aprobar o proxecto de Constitución e as duras críticas de moitos deputados polas concesións ós cantonalistas provocaron a dimisión de Pi i Margall.

Nicolás Salmerón foi elixido presidente (18 de xullo de 1873), co apoio dos monárquicos. Adoptou unha actitude de maior firmeza contra o movemento cantonalista que seguía espallándose polo sur e levante: formalizou expedientes ás autoridades que participaban na sublevación cantonal e recorreu ó exército para sufocalas. Os capitáns xenerais Martínez Campos (monárquico) e Pavía (radical) foron designados para rematar coa revolta cantonalista de Andalucía e Levante. A intervención militar rematou rapidamente coa insurrección cantonal (agás coa do cantón de Cartagena, que resistirá ata xaneiro de 1874); pero deu un inmenso poder ós xenerais que asumiron a represión e volveu a colocar ó exército no papel de único garante da orde. Os líderes cantonalistas, xulgados por tribunais militares, foron condenados a morte; Salmerón, contrario á pena capital, negouse a firmar as penas de morte e presentou a dimisión (5 de setembro de 1873).

A presidencia recaeu en **Emilio Castelar** (7 setembro 1873), dirixente do republicanismo unitario e de tendencia máis conservadora. Castelar, sen maioría nas Cortes, suspendeu as sesións parlamentarias e gobernou de forma autoritaria, respaldando ós sectores máis conservadores e cedendo amplas atribucións ós xefes militares para que mantivesen a orde pública. Ante esta situación, unha maioría de deputados acordaron presentar, cando se reabrisen as sesións parlamentarias, unha moción de censura ó goberno para forzar a súa dimisión. O 3 de xaneiro de 1874, Castelar foi derrotado na votación das Cortes. Era inminente a formación dun goberno republicano de esquerdas, pero o capitán xeneral Manuel **Pavía** esixiu a disolución das Cortes e, ante a resistencia dos deputados, invadiu o hemiciclo acompañado de forzas da Garda Civil (4 de xaneiro de 1874).

O poder pasou a unha coalición de unionistas e progresistas encabezada por **Serrano**, que intentou estabilizar o réxime republicano conservador. Ó mesmo tempo, Cánovas del Castillo, monárquico afonsino, conseguía que Isabel II abdicase no seu fillo Alfonso e que este asinase o **Manifesto de Sandhurst** (1 de decembro de 1874) que definía a nova monarquía borbónica como un réxime liberal-conservador e católico que restablecería a estabilidade política e a orde social. O 29 de decembro de 1874, o **pronunciamento de Martínez Campos en Sagunto** proclamou rei de España a Alfonso XII, fillo da destronada Isabel II. Finalizaba o Sexenio Revolucionario e comezaba a Restauración Borbónica.